



# PABLO DOPAZO

## MESTRE TUBA E BOMBARDINO

### Historial Académico

Natural de Cambados (Pontevedra), é Licenciado en Música na especialidade de Tuba polo Conservatorio Superior de Música do Principado de Asturias onde estudou con Alfonso Mollá, finalizando os seus estudos con Matrícula de Honra e Premio Fin de Carrera.

Asimesmo, estuda no *Conservatoire National Supérieur de Lyon* (Francia) con Mel Culbertson e Arnaud Boukhitine. Anteriormente obtén o Título Profesional de Tuba con Premio Extraordinario Fin de Grao no Conservatorio Profesional de Pontevedra co mestre Manuel Martínez Villar.

Ademais, complementa a súa formación realizando o Máster en Formación do Profesorado para Educación Secundaria.

### Experiencia

O seu interese polo mundo do bombardino e os seus antecesores, como o serpentón e o ophicleide, ademais da música antiga, contemporánea e o jazz, o levan a profundizar nos seus estudos con recoñecidos mestres e solistas de nivel internacional, como son: Rex Martin, Stéphane Labeyrie, Michel Godard, Patrick Wibart, Aarón Zapico, Andreas Prittwtz, Günter "Baby" Sommer, Abe Rábade, Jens Bjorn Larsen, Perry Oogendijk, Steven Mead ou Shoichiro Hokazono .

Pablo Dopazo realizou concertos e recitais como solista nos Estados Unidos, España, Portugal, Francia, Italia, Alemaña ou Suíza. É invitado regularmente como mestre en diferentes conservatorios, bandas de música e festivais para impartir cursos, seminarios ou master classes.

De entre as súas colaboracións con diferentes agrupacións podemos salientar: Real Orquesta Sinfónica de Sevilla, L'arpa Festante Barock Orchestra, Forma Antiqua, Teatre Nacional de Catalunya, Spira Mirabilis Orchesra, National Youth Orchestra of the Netherlands, European Union Youth Wind Orchestra, Orquesta Joven de la Sinfónica de Galicia, Joven Orquesta Sinfónica del Principado de Asturias, Keep in Touch Tuba Project ou o Centro Dramático Galego.

### Pablo Dopazo

Licenciado en Música na especialidade de Tuba polo Conservatorio Superior de Música do Principado de Asturias onde estudou con Alfonso Mollá, finalizando os seus estudos con Matrícula de Honra e Premio Fin de Carrera.

Dopazo realizou concertos e recitais como solista nos Estados Unidos, España, Portugal, Francia, Italia, Alemaña ou Suíza.

Colaborou con diferentes orquestras como a *European Union Youth Orchestra*, *Keep in touch tuba project* ou a Orquesta Xove da Sinfónica de Galicia.